

## UNHA NOVA PANCARTA DENUNCIA OS RECORTES SANITARIOS DA XUNTA EN CUNTIS

- *“A Xunta recórtanos tamén na pandemia” é o que reza a pancarta instalada por Veciñanza no Centro de Saúde de Cuntis.*
- *Veciñanza pretende, con esta pancarta, visibilizar a marxinación á que a Xunta de Galicia somete ao municipio de Cuntis no relativo aos servizos sanitarios.*

Cuntis, 19 de decembro de 2020

*“A Xunta recórtanos tamén na pandemia” é o que reza a pancarta instalada por Veciñanza no Centro de Saúde de Cuntis, en referencia ao **deterioro dos servizos sanitarios que padecen os veciños e veciñas e que agravan as consecuencias que está a deixar a pandemia do coronavirus**. A **non substitución de profesionais**, que provocou que en semanas de alta incidencia de contaxios houbera días nos que un único profesional tivese que atender a unha poboación de máis de 4600 habitantes; a **consolidación do modelo de atención telefónica**, que dificulta a calidade do servizo con especial afectación entre a poboación máis maior; a imposibilidade de solicitar **cita previa na web** do SERGAS, como era habitual; unhas **listas de espera** que seguen a ser excesivamente longas, etc.*

Veciñanza vén reiterando en cada pleno a importancia de que o Goberno Municipal incida ante ante a Consellaría de Sanidade no relativo ao maltrato do SERGAS cos veciños e veciñas de Cuntis, **pero a inacción é o que marca o comportamento do PSOE tamén neste ámbito**.

Veciñanza pretende, con esta pancarta, **visibilizar a marxinación á que a Xunta de Galicia somete ao municipio de Cuntis no relativo aos servizos sanitarios**. Nun ano no que a atención sanitaria de calidade deba ser un prioridade para calquera goberno, o de Feijóo prosegue na súa política de debilitamento dos servizos públicos, especialmente no rural.

